

**2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio sobre o contido da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

**EXAME EN GALEGO**



**1. Durante o traballo na lavandería hospitalaria pódese avaliar a calidade dos produtos químicos utilizados por:**

- A) O nivel de agrisamento da roupa.
- B) O nivel de amarelamento da roupa.
- C) Algúns problemas no calandrado.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**2. As fases do circuíto sucio son:**

- A) Recepción, pesado e lavado.
- B) Clasificación, pesado e lavado.
- C) Clasificación, pesado, prelavado e lavado.
- D) Recepción, clasificación, pesado e lavado.

**3. En relación co lugar de instalación dunha secadora:**

- A) Non é conveniente que se instale nunha zona ventilada.
- B) Non é conveniente que se instale un ventilador na zona.
- C) É conveniente que se instale un extractor de aire húmido.
- D) É conveniente que o cable de instalación da máquina quede pegado ao panel posterior.

**4. Cal dos seguintes reduce a tensión superficial da auga?**

- A) Os limpadores.
- B) Os deterxentes.
- C) Os oxidantes.
- D) Os activadores.

**5. Para identificar que perigos entraña un produto químico utilizado na lavandería debo ler:**

- A) As frases P da súa etiqueta e/ou ficha de seguridade.
- B) As frases H da súa etiqueta e/ou ficha de seguridade.
- C) As frases S da súa etiqueta e/ou ficha de seguridade.
- D) Os perigos non veñen na súa etiqueta, só recóllense na súa ficha de seguridade.

**6. Para conseguir unha maior esponxosidade na roupa, é aconsellable:**

- A) Cargar a roupa un 20% por baixo da súa carga nominal, aproximadamente.
- B) Cargar a roupa co peso exacto que pon na súa carga nominal.
- C) Cargar a roupa un 20% por encima da súa carga nominal, aproximadamente.
- D) A esponxosidade da roupa non depende do volume de carga da secadora.

**7. Os distintos programas de centrifugado deben manexar as seguintes variables:**

- A) Velocidade e tempo.
- B) Velocidade e temperatura.
- C) Temperatura e tempo.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**8. Cal sería un exemplo de suciedade sólida e florescencia?**

- A) Desfeitos da actividade persoal cotiá.
- B) Po, cinza ou farináceos.
- C) Sales alcalinas de nitratos, sulfatos e pinturas.
- D) Ningunha é correcta.

**9. A dureza total da auga en Galicia, exprésase en:**

- A) Graos de dureza alemá (Ha).
- B) Graos de dureza española (He).
- C) Graos de dureza francesa (Hf).
- D) Graos de dureza inglesa (Hi).

**10. Segundo o seu PH os produtos químicos poden dividirse en alcalinos, ácidos e neutros. Entre os ácidos atopamos:**

- A) Sulfumán.
- B) Lixivia
- C) Amoníaco.
- D) Sosa cáustica.

**11. No proceso de secado:**

- A) Cando as pezas non van ser sometidos a ferro, deben saír totalmente secas da secadora.
- B) Cando as pezas non van ser sometidas a ferro, poden saír con certo grao de humidade da secadora.
- C) Todas as pezas deben saír totalmente secas das secadoras.
- D) Todas as pezas deben saír con certo grao de humidade das secadoras.

**12. Un produto téxtil composto por dúas ou máis fibras, na que unha delas representa o 85% do peso total, como mínimo, designarase na súa etiqueta:**

- A) Polo nome da fibra e a súa porcentaxe en peso.
- B) Polo nome da fibra e a indicación de "85 por 100 mínimo".
- C) Pola composición porcentual completa do produto, ordenada de maior a menor.
- D) Todas as opcións anteriores son válidas.

**13. Sinala a afirmación CORRECTA:**

- A) Os ácidos de pH menor de 5 afectan ao tinguido das pezas téxtiles pero nunca á súa composición.
- B) Os ácidos de pH maior de 7 afectan á composición das pezas téxtiles pero nunca á súa cor.
- C) En xeral, a fibra de la é máis resistente á acción dos ácidos que a de algodón.
- D) En xeral, a fibra de algodón é máis resistente á acción dos ácidos que a de la.

**14. Vantaxes dos anticloros:**

- A) É económico.
- B) É irritante.
- C) É tóxico.
- D) É sempre sólido.

**15. O principio de marcha adiante quere dicir que:**

- A) A roupa limpa estará sempre na parte de diante da lavandería.
- B) O deseño das instalacións farase co máximo aproveitamento dos espazos, deixando sempre sitio suficiente para as máquinas, a circulación de equipos móbiles e o traballo cómodo do persoal.
- C) A roupa avanzará polas diferentes áreas para ser sometida ás operacións correspondentes de maneira sucesiva, sen que se produzan retrocesos a fases previas, nin cruces entre a roupa sucia e a limpa.
- D) As fases do proceso de lavado e pasado do ferro serán independentes e localizaranse en zonas separadas, contando cada unha dela cos recursos materiais e persoais necesarios en cada caso.

**16. Sinala a resposta CORRECTA:**

- A) A auga osixenada é un oxidante que branquea a roupa.
- B) Ningunha fibra reacciona ante a auga osixenada xa que esta só serve para desinfectar feridas.
- C) As fibras só se branquean cos oxidantes que utilizan cloro.
- D) O perborato sódico é un oxidante que actúa intercambiando a trama pola urda.

**17. Sinala unha das vantaxes do túnel de lavado sobre as lavadoras convencionais:**

- A) A auga se recircula e reutilízase nas distintas fases.
- B) Non é necesario que a temperatura da auga sexa tan alta como nas lavadoras convencionais.
- C) Utiliza un 25% menos de auga no centrifugado que as lavadoras convencionais.
- D) Utiliza un 25% menos de enerxía eléctrica porque lava en menos tempo que as lavadoras convencionais.

**18. As fases do circuíto limpo son:**

- A) Secado, pasado do ferro, pregado e almacenamento.
- B) Pasado do ferro, pregado e almacenamento.
- C) Centrifugado, secado, pasado do ferro e pregado.
- D) Centrifugado, secado, pregado e almacenamento.

**19. Sinala a afirmación CORRECTA. O tergal:**

- A) Non admite o tinguído.
- B) É máis duradero e resistente á abrasión que o algodón.
- C) É unha fibra natural moi grosa.
- D) Non pode incluír poliéster na súa composición.

**20. Ante a necesidade de establecer medidas de protección ante os riscos dun posto de traballo:**

- A) Débense antepoñer as medidas de protección individual ás de protección colectiva.
- B) Débese asegurar primeiro a dispoñibilidade dos EPIs e, posteriormente, buscar as medidas de protección colectiva.
- C) Débense antepoñer as medidas de protección colectiva ás de protección individual.
- D) Non existe unha regra xeral, é necesario preguntar cada vez que se presente a necesidade.

**21. Que procedemento é o correcto para eliminar manchas de sangue antigas e fortes?**

- A) Poñer a remollo, impregnar con deterxente concentrado e lavar con auga fría.
- B) Lavar cunha solución de deterxente bioactivo e deixar toda a noite.
- C) Frotar con xeo e lavar normalmente.
- D) Frotar con hiposulfito de sosa.

**22. O ácido acético (vinagre de viño branco), ácido cítrico (zume de limón) ou o ácido oxálico, son exemplos de:**

- A) Sustancias absorbentes.
- B) Sustancias disolventes.
- C) Sustancias neutralizantes.
- D) Sustancias tóxicas.

**23. Sinale cal das seguintes non é un tipo de auga segundo a súa dureza:**

- A) Brandas.
- B) Duras.
- C) Medias.
- D) Sódicas.

**24. Sinala a resposta VERDADEIRA:**

- A) A seda obtense da pel dun animal.
- B) O poliéster é unha fibra proteínica.
- C) O raión é unha fibra que se obtén da celulosa.
- D) O algodón obtense da raíz dunha planta.

**25. O tubo de aireación dunha secadora industrial:**

- A) Debe ter saída directa ao exterior.
- B) Debe ter saída directa á zona sucia da lavandería.
- C) Debe ter saída directa á zona limpa da lavandería.
- D) Debe de limparse diariamente polo mecánico da lavandería.

**26. Cales son as principais zonas de almacenamento nun departamento de lencería?**

- A) Roupeiro.
- B) Almacén central de lencería.
- C) Almacén de lencería.
- D) Todas son correctas.

**27. Cando no proceso de lavado se fala de augas duras, debe de entenderse:**

- A) As que non conteñen sales.
- B) As que disolven perfectamente o xabón.
- C) As que conteñen moitos microorganismos.
- D) As que impiden a perfecta disolución do xabón.

**28. O peso de roupa recomendado para lavar nunha máquina é:**

- A) O peso que teña a máquina como capacidade máxima de lavado.
- B) Inferior á capacidade máxima de lavado da máquina.
- C) Pode ser un 10% superior á capacidade máxima da máquina.
- D) Pode ser un 15% superior á capacidade máxima da máquina.

**29. Para o secado e a pasada do ferro dunha peza de roupa con encaixe:**

- A) Pásase o ferro do revés cando o tecido aínda estea húmido.
- B) Sécase en horizontal sobre unha toalla branca e lonxe da luz directa do sol.
- C) Sécase de xeito natural.
- D) Pásase o ferro a moi baixa temperatura mentres a peza de roupa estea húmida.

**30. Cal é o grao de humidade que poderá ter a roupa de felpa para que el secado sexa considerada de calidade?**

- A) 0%.
- B) 20%.
- C) 25%.
- D) 50%.

**31. O dobrado a máquina está orientado xeralmente a artigos como:**

- A) Toallas.
- B) Chaquetas de uniformidade.
- C) Toallas e chaquetas de uniformidade.
- D) Ningunha é correcta.

**32. A que temperatura máxima debemos lavar unha peza delicada que poida distinguir?**

- A) Temperatura máxima de 45°C.
- B) Temperatura máxima de 90°C.
- C) Temperatura máxima de 70°C.
- D) Temperatura máxima de 30°C.

**33. O proceso de desinfección da roupa hospitalaria:**

- A) Só pode realizarse por métodos químicos.
- B) Só pode realizarse por métodos térmicos.
- C) Pode realizarse por métodos químicos e térmicos pero asegurando que non sexan simultáneos.
- D) Pode realizarse por métodos químicos e térmicos, incluso de xeito simultáneo.

**34. Os bidóns con residuos de produtos químicos utilizados na lavandería:**

- A) Débense baleirar polo desaugadoiro rapidamente para evitar risco de inhalación.
- B) Débense botar nun só bidón os restos de todos os produtos para poder ser transportado e reciclado pola empresa autorizada.
- C) Débese retirar cada produto por separado para ser recollidos pola empresa autorizada.
- D) Está prohibida a utilización de bidóns para os produtos químicos, só pódense utilizar centrais de xabóns que non producen residuos.

**35. A finalidade da existencia da barreira sanitaria nas lavanderías é:**

- A) Evitar a contaminación da zona limpa cos microorganismos procedentes da zona sucia.
- B) Evitar que o persoal pase da zona limpa á zona sucia.
- C) Evitar que o persoal pase da zona sucia á zona limpa.
- D) Evitar que se mesture a roupa sucia coa roupa limpa.

**36. Cal é a razón pola que é necesaria a total limpeza e desinfección da roupa nun centro sanitario?**

- A) Para que o centro teña boa imaxe.
- B) Para contribuír á curación dos doentes.
- C) Para contribuír á confortabilidade dos doentes.
- D) Para evitar que a roupa actúe como vehículo de transmisión de infeccións.

**37. NON é un tipo de calandra:**

- A) Calandra mural.
- B) Calandra de rodetes.
- C) Calandra central.
- D) Calandra de prensa.

**38. A programación do túnel de lavado debe ser realizada por:**

- A) O/A encargado da lavandería.
- B) O Técnico de mantemento.
- C) O provedor dos xabóns.
- D) Todas poden ser correctas.

**39. Sinala a resposta FALSA:**

- A) Na lavandería hospitalaria convén establecer quen se responsabiliza de levar o control de quilos lavados.
- B) Na lavandería hospitalaria convén establecer quen se responsabiliza de realizar os pedidos de xabóns.
- C) Na lavandería hospitalaria convén establecer quen se responsabiliza de pulsar o dispositivo de parada de emerxencia dunha máquina en caso de accidente por atrapamento.
- D) Na lavandería hospitalaria convén establecer quen se responsabiliza de tramitar os pedidos das plantas de hospitalización.

**40. Os neutralizados dados á roupa faranse con:**

- A) Pouco nivel de auga e temperatura quente.
- B) Pouco nivel de auga e temperatura fría.
- C) Nivel alto de auga e temperatura fría.
- D) Nivel alto de auga e temperatura media.

**41. Cal é a temperatura máxima da pasada do ferro para un tecido de la, mestura e poliéster?**

- A) Temperatura máxima de 50°C.
- B) Temperatura máxima de 150°C.
- C) Temperatura máxima de 200°C.
- D) Non se lle pode pasar o ferro.

**42. Cando a auga ten PH=10 dise que é?:**

- A) Neutra.
- B) Alcalina.
- C) Aceda.
- D) Sódica.

**43. As máquinas de lavado:**

- A) Cargaranse sempre de forma manual.
- B) Cargaranse sempre de forma automática.
- C) Poden cargarse de forma manual ou de forma automática.
- D) Se se cargan de forma manual poden descargarse pola zona sucia.

**44. Os pictogramas nos envases de produtos químicos son:**

- A) Composicións gráficas, con información específica sobre un perigo ou advertencia.
- B) Indicacións de perigo.
- C) Consellos de prudencia.
- D) Consellos de prudencia e prevención.

**45. Que significa que un produto de lavado é biodegradable?**

- A) Que se o deixamos moito tempo exposto á luz, esta vaino degradando.
- B) Que degrada a vida dos seres vivos acuáticos.
- C) Que degrada a vida dos seres vivos en xeral.
- D) Que pode ser degradado en substancias máis sinxelas por bacterias ou por outros seres vivos.

**46. Cal é o secreto máis importante para eliminar as manchas na roupa?**

- A) Escoller un bo disolvente.
- B) Probar varios produtos á vez.
- C) Usar bencina sempre que sexa posible.
- D) Actuar con rapidez.

**47. O proceso de secado de roupa ten como obxecto a eliminación da auga que quedou retida no tecido:**

- A) De maneira que sexa máis sinxelo o seu pasado do ferro.
- B) De maneira que se eliminen as infeccións por fungos.
- C) De maneira que as pezas non teñan humidade.
- D) De maneira que as pezas, aínda que poidan quedar húmidas, non quedan empapadas.



**48. A que perigos para á saúde humana refírese este símbolo?**

- A) Toxicidade por ingestión.
- B) Canceríxeno por inhalación.
- C) Danos ao feto.
- D) Todas as anteriores son correctas.

**49. Os anticloros utilízanse, en que fase do lavado?:**

- A) No branqueado con produtos clorados.
- B) No prelavado.
- C) No aclarado.
- D) No desinfectado.

**50. Durante o proceso desenvolvido na lavandería débense establecer uns controis para asegurar, na medida do posible:**

- A) Que a roupa sae limpa e esterilizada.
- B) Que a roupa sae limpa e desinfectada.
- C) Que a roupa sae limpa e pasteurizada.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**51. A auga é unha substancia:**

- A) Absorbente.
- B) Neutralizante.
- C) Moi alcalina.
- D) Disolvente.

**52. NON é unha máquina para a pasada do ferro:**

- A) Tolva.
- B) Topper.
- C) Calandra.
- D) Prensa.

**53. Como podemos clasificar as manchas segundo a súa composición química?**

- A) Manchas de graxa ou non graxa.
- B) Manchas macroscópicas ou manchas microscópicas.
- C) Manchas de graxa ou manchas de produtos químicos.
- D) Manchas de graxa, manchas de proteínas, manchas de vextais e manchas de produtos químicos.

**54. A temperatura das calandras oscila entre:**

- A) 40 e 60 graos.
- B) 90 e 100 graos.
- C) 170 e 200 graos.
- D) 200 e 300 graos.

**55. Cal é o método máis efectivo para recoñecer que tipo de roupa e de onde provén cada bolsa?**

- A) Mediante etiquetas co nome e a procedencia de cada bolsa.
- B) Empregar bolsas de diferentes cores que permitan recoñecer o tipo de roupa e a súa procedencia.
- C) Pechar cada bolsa con gomias de diferentes cores.
- D) Todas son correctas.

**56. Aos produtos anticloro e antiálcalis tamén os coñecemos co nome de:**

- A) Oxidantes.
- B) Branqueantes.
- C) Neutralizantes.
- D) Secuestrantes.

**57. ¿Cal é o anticloro máis utilizado?:**

- A) Ácido acético.
- B) Bisulfito sódico.
- C) Peróxido de hidróxeno.
- D) Bicarbonato cálcico.

**58. A lixivia é un desinfectante que:**

- A) Non se debe mesturar nunca con amoníaco.
- B) Mesturada con amoníaco é máis eficaz.
- C) Pódese mesturar con vinagres.
- D) Ningunha es correcta.

**59. Para cal dos seguintes tecidos non é recomendable o lavado?**

- A) Pel e ante.
- B) Liño.
- C) Algodón.
- D) Tea vaqueira.

**60. Cal é o principal compoñente dos produtos de lavado que favorece a eutrofización das augas?:**

- A) O osíxeno.
- B) Os fosfatos.
- C) O dióxido de carbono.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

**61. A razón da automatización na dosaxe dos produtos é:**

- A) Evitar que un lavado custe máis que outro.
- B) Evitar que por defecto de deterxente, as pezas se deteriores.
- C) Evitar que por exceso de deterxente, o lavado non sexa eficaz.
- D) Evitar variacións nas doses dos lavados.

**62. Nas lavanderías hospitalarias, para evitar o cruzamento de circuítos limpo e sucio, a revisión de cada peza debe facela:**

- A) Unicamente as pasadoras de ferro logo de lle pasar o ferro á peza, que é cando se ve se continúan as manchas.
- B) Os distintos traballadores que traballen coa peza, independentemente da categoría.
- C) Unicamente o persoal de enfermería que é o único que pode reenvialo ao circuíto de sucio.
- D) Preferiblemente o persoal que traballa na zona de sucio, antes de introducilo no túnel de lavado.

**63. En relación coa contaminación ambiental, a economía circular consiste en:**

- A) Poder utilizar os materiais unha e outra vez aínda que sexa en formas diferentes.
- B) Utilizar contedores de base circular para que os residuos ocupen menos espazo.
- C) Traballar en círculos para evitar movementos musculares innecesarios.
- D) Dispoñer de procedementos que impidan a circulación de patóxenos no hospital.

**64. No Sistema Internacional de Unidades utilízase o Newton por metro cúbico (N/m<sup>3</sup>) para medir:**

- A) A resistencia á tracción das fibras téxtiles.
- B) O peso específico das fibras téxtiles.
- C) A elasticidade das fibras téxtiles.
- D) A flexibilidade das fibras téxtiles.

**65. A disolución da mancha cun pano impregnado en gasolina de chisqueiro e que posteriormente se lava e aclara, é o método a seguir para a eliminación dunha mancha de graxa, sobre que tecido?**

- A) Tecido resistente.
- B) Tecido de cor.
- C) Tecido de seda.
- D) Tecido de algodón.

**66. Cada ciclo de prensado dunha prensa escoadora está composto polas seguintes etapas:**

- A) Carga e descarga.
- B) Carga, escoamento e descarga.
- C) Carga, transporte de roupa e descarga.
- D) Carga, escoamento e transporte de roupa.

**67. Como se denomina a parte activa dun deterxente?:**

- A) Humectante.
- B) Tensioactivo.
- C) Coadxuvante.
- D) Carga.

**68. A formación en prevención de riscos laborais é:**

- A) Obrigatoria para as categorías implicadas no plan de autoprotección e voluntaria para o resto de traballadores.
- B) Obrigatoria para todos os traballadores.
- C) Obrigatoria para os mandos intermedios e voluntaria para o resto de traballadores.
- D) Obrigatoria para os traballadores da Unidade de Prevención de Riscos Laborais e voluntaria para o resto de traballadores.

**69. Sinala a resposta CORRECTA:**

- A) Os procesos de altas temperaturas non afectan á fibra de algodón.
- B) A fibra de liño arde á chama.
- C) O algodón fúndese e rízase á chama.
- D) Con temperaturas altas despréndense mellor as manchas de sangue.

**70. Que utilizaremos para eliminar unha mancha de aceite nunha peza de liño?**

- A) Pasar un pano humedecido en éter.
- B) Logo de remollar en auga quente, aplicar unha mestura fervida de zume de limón e talco.
- C) Se a mancha é recente, empoeirar con talco para absorber a graxa. Fregar a mancha cun pano impregnado en trementina e lavar con auga xabonosa.
- D) Remollar en leite e fregar, posteriormente lavar.

**71. As bombas peristálticas utilízanse para a dosaxe:**

- A) Do deterxente de lavado e prelavado.
- B) Dos produtos de neutralizado.
- C) Dos produtos suavizantes.
- D) Dos aditivos de branqueo.

**72. O proceso de centrifugado:**

- A) Elimina totalmente a auga retida pola roupa durante o lavado.
- B) Elimina parcialmente a auga retida pola roupa durante o lavado.
- C) Realízase exclusivamente en máquinas centrifugadoras.
- D) Realízase exclusivamente dentro do túnel de lavado.

**73. As prensas son máquinas específica para a pasada do ferro:**

- A) De roupa plana, ou de liña.
- B) De roupa de bebé.
- C) De roupa de forma.
- D) De todas elas.

**74. Ante unha peza que tras o seu lavado sae con manchas, débese:**

- A) Volver a lavar noutro programa.
- B) Desbotar a peza.
- C) Tentar eliminala cun produto adecuado.
- D) Todas poden ser correctas.

**75. A regra das 3R medioambientais recomenda:**

- A) Reservar, Reciclar e Reutilizar.
- B) Reducir, Reciclar e Reutilizar.
- C) Recoller, Reciclar e Reutilizar.
- D) Recoller, Reciclar e Repoñer.

**76. Que elementos de protección deberán empregar as persoas encargadas da zona sucia para manipular a roupa?**

- A) Só luvas.
- B) Luvas e máscara.
- C) Luvas, máscara e reixa.
- D) Traxes de protección.

**77. ¿Que son os tensioactivos?:**

- A) Produtos desinfectantes.
- B) Suavizante.
- C) Principal compoñente dos neutralizantes.
- D) Compoñente activo do deterxente.

**78. Os graos de dureza francesa médense en:**

- A) Gramos de carbonato de sosa/litro de auga.
- B) Gramos de perborato de sosa/litro de auga.
- C) Gramos de carbonato de calcio/litro de auga
- D) Ningunha é correcta.

**79. Que é a bencina?**

- A) Unha substancia derivada do petróleo.
- B) Un líquido incoloro e inflamable que se emprega como disolvente.
- C) Unha substancia que empregaremos afastados de calquera fonte de calor.
- D) Todas son correctas.

**80. O mantemento preventivo consiste en:**


- A) A reparación das máquinas e instalacións cando estas se avarían.
- B) A realización de revisións periódicas, antes de que se produza a avaría.
- C) A reparación da avaría no menor tempo posible.
- D) Formar ao persoal da lavandería co fin de evitar erros de manipulación que poidan avariar as máquinas.

**81. Nun tecido:**

- A) Chámase biés ao bordo máis longo da tea.
- B) A urda sempre forma un plano romboidal.
- C) O nesgo sempre é paralelo ao bordo máis longo do tecido.
- D) A trama é o fío transversal que se tece na urda.

**82. O material permanente de consumo nunha lavandería constitúeno:**

- A) Os produtos de limpeza.
- B) A maquinaria.
- C) A roupa limpa.
- D) A roupa sucia.



83. Que significa esta imaxe?

- A) Vida útil da peza 30 lavados se se fai con acción mecánica reducida.
- B) Lavar máximo 30°C con acción mecánica alta.
- C) Lavar máximo 30°C con acción mecánica reducida.
- D) Lavar mínimo 30°C con acción mecánica alta.

84. Que factores debemos ter en conta para definir o sistema de reposición das pezas de roupa?

- A) A calidade da roupa.
- B) A duración media da roupa.
- C) Baixas incontroladas (por perda ou subtracción)
- D) Todas son correctas.

85. En relación á clasificación da roupa sucia:

- A) Na medida do posible, a clasificación da roupa sucia farase no lugar onde se xere.
- B) A roupa sucia clasificarase na lavandería, para iso, é recomendable que as bolsas non vaian pechadas, para facilitar o seu manexo.
- C) En ningún caso manipularase a roupa sucia na lavandería, para evitar a difusión de microorganismos.
- D) Na medida do posible, a clasificación da roupa sucia farase na lavandería, antes de empezar a quenda de traballo.

86. A descarga de roupa desde o secador de transferencia por ciclos pódese realizar:

- A) Automaticamente, por secuencias a través dun mando combinado do túnel de lavado completo.
- B) Mediante a utilización dun motor reductor.
- C) Mediante o basculamento do secador.
- D) Mediante o basculamento do secador, producido por un mecanismo especial de válvulas.

87. Nos programas de lavado para roupa con manchas de Povidona Iodada (Betadine), é unha boa opción:

- A) Incluir unha fase do programa con peróxido de osíxeno.
- B) O hipoclorito sódico se se utiliza antes do lavado.
- C) Engadir lixivia se a peza é de cor branca.
- D) Non hai programas aptos para eliminalas, débese lavar a man ou desbotar a peza.

88. A capacidade dunha fibra téxtil de recuperar a súa extensión e forma, tan pronto como cesa a acción da forza que a deforma denomínase:

- A) Elasticidade.
- B) Flexibilidade.
- C) Finura.
- D) Resistencia á tracción.

**89. Que tipo de compoñentes son os carbonatos?:**

- A) Tensioactivo.
- B) Coadxuvante
- C) Aditivo.
- D) Auxiliar.

**90. En que partes se dividen as calandras?**

- A) Introdutora e pasadora do ferro.
- B) Pasadora do ferro e pregadora.
- C) Introdutora, pasadora do ferro e pregadora.
- D) Introdutora e pregadora.

**91. Na auga potable, o límite máximo permisible de dureza é:**

- A) 100mg/l.
- B) 200mg/l.
- C) 500mg/l.
- D) 300mg/l.

**92. Para que tipo de manchas utilizaremos a acetona?**

- A) Quitar manchas de óxido, eliminar manchas de verdín do cobre e algunhas tintas e manchas vexetais.
- B) Disolver graxa animal, as manchas de produtos químicos como laca de uñas e algunhas pinturas ou pegamentos.
- C) Quitar manchas de alcatrán.
- D) Disolver manchas de verniz.

**93. Sinala a resposta CORRECTA:**

- A) A calidade do secado considérase boa se a forza do émbolo da prensa final do túnel de lavado é maior de 500 Newtons (Nw).
- B) A calidade do lavado considérase boa se, ao finalizar este, consiguíuse eliminar o 75% das manchas iniciais.
- C) A calidade do aclarado é boa se se eliminaron os produtos químicos utilizados nas fases anteriores.
- D) A calidade do centrifugado é boa se á forza centrífuga engádeselle a forza centrípeta do xiro.

**94. Os compostos neutralizantes teñen como función:**

- A) Neutralizar a tensión superficial da auga.
- B) Facilitar o repasado das pezas.
- C) Eliminar restos de cloro e alcalinidade nos tecidos.
- D) Desodorizar as pezas.



**95. Que significa este símbolo?**

- A) Daniño para os peixes de consumo humano.
- B) Daniño para as árbores que necesitan alto consumo de auga.
- C) Daniño para o medioambiente acuático.
- D) Perigo de que os peixes acumulen substancias que serán nocivas para o home cando os consuma.

**96. Conforme ao Real decreto 928/1987, de 5 de xuño, relativo ao etiquetado de composición dos produtos téxtiles, a etiqueta que deben levar as pezas de tea postas á venda no noso país debe estar escrita:**

- A) Polo menos, na lingua española oficial do Estado.
- B) Polo menos, nun idioma da Comunidade Económica Europea ademais da lingua oficial do Estado.
- C) Polo menos en inglés.
- D) Polo menos no idioma do país onde se fabricou e máis en castelán.

**97. Cada ciclo de secado do secador de transferencia por ciclos, está composto polas seguintes etapas:**

- A) Carga, secado e descarga.
- B) Carga, secado, arrefriado e descarga.
- C) Carga, transporte de roupa e descarga.
- D) Carga, secado, arrefriado e transporte de roupa.

**98. Para establecer o tempo de centrifugado hai que ter en conta:**

- A) O tipo de fibra e o tipo de manchas que se eliminaron.
- B) O volume de carga e o tipo de fibra.
- C) A temperatura do lavado, o volume da carga e o humectante empregado.
- D) O tipo de fibra, o volume da carga e a temperatura do lavado.

**99. En relación co manexo dos carros de roupa na lavandería:**

- A) Á hora de ir botando roupa neles, mellor que non sexa de fronte senon colocándoos aos lados do traballador, exercendo xiros a ambos lados alternativamente.
- B) Se son pesados, mellor empuxalos que tirar deles.
- C) Se hai que transportar moita carga é mellor sobrecargalos que facer moitas viaxes, así evitaremos paseos innecesarios.
- D) Se teño que descargar o seu contido nunha máquina lateral, mellor xirar o tronco cos pés fixos que mover os pés cara un lado e outro.

100. Que clase de perigo son as substancias pirofóricas?:

- A) Físicos.
- B) Medio ambiente.
- C) Saúde.
- D) Ningunha.

Preguntas de reserva

1. Á hora de mesturar tipos de pezas nas secadoras:

- A) Nunca se mesturarán pezas de tecidos diferentes.
- B) Pódense mesturar pezas de roupa de diferente tamaño, aínda que sexan de distinto tecido.
- C) Pódense mesturar pezas de tecidos diferentes, se son pezas do mesmo tamaño.
- D) Pódese mesturar todo tipo de roupa, pero só en caso de urxencia.

2. O algodón é un bo tecido para as toallas dos hospitais porque:

- A) Ao non encoller, mantén o seu tamaño durante toda a vida útil da peza.
- B) É moi absorbente, de feito, pode chegar absorber varias veces o seu propio peso.
- C) Non permite que sequen as manchas de sangue nelas.
- D) Unha toalla de algodón pesa menos que unha de poliéster do mesmo tamaño.

3. Os controis visuais de calidade no proceso da lavandería deben incluír:

- A) Ausencia de manchas, engurras e roturas na roupa.
- B) Ausencia de manchas, engurras e roturas na roupa, así como procesos de limpeza de locais, carros, máquinas, etc.
- C) Hábitos e hixiene do persoal da lavandería no seu posto de traballo.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

4. Sinala a resposta CORRECTA:

- A) O prelavado da roupa con sangue debe realizarse en auga fría.
- B) O prelavado da roupa con sangue debe realizarse en auga moi quente se a fibra o permite.
- C) Nos programas para roupa con sangue non debe incluírse un prelavado para evitar que a sangue coagule antes do lavado.
- D) O prelavado da roupa con sangue debe repetirse ao final do proceso de lavado para asegurar a correcta eliminación da mesma.

5. No tratamento primario da auga, os métodos máis utilizados son:

- A) Decantación ou sedimentación, floculación e flotación.
- B) Desinfección.
- C) Nitrificación.
- D) Desnitrificación.

**6. Dos seguintes produtos, cal diría que ten PH=13?:**

- A) A sosa cáustica.
- B) A auga forte.
- C) A lixivia.
- D) Os deterxentes.

**7. En relación á circulación do aire nas lavanderías:**

- A) É necesario crear unha presión de aire negativa na zona sucia, de maneira que a circulación de aire será desde a zona limpa á zona sucia, e nunca ao revés.
- B) É necesario crear unha presión de aire negativa na zona limpa, de maneira que a circulación de aire será desde a zona limpa á zona sucia, e nunca ao revés.
- C) É necesario crear unha presión de aire positiva na zona limpa, de maneira que a circulación de aire será desde a zona limpa á zona sucia, e nunca ao revés.
- D) É necesario crear unha presión de aire positiva na zona sucia, de maneira que a circulación de aire será desde a zona limpa á zona sucia, e nunca ao revés.

**8. Nos hospitais abunda a roupa de algodón, entre outras razóns porque:**

- A) Normalmente non produce alerxias.
- B) Non se lle adhíren as bacterias dos pacientes.
- C) Non se engurra e así evítase moito proceso de pasada do ferro.
- D) Porque, aínda que se lave frecuentemente con lixivia, non se deteriora.

**9. A auga utilizada na lavandería debe ter como requisito polo menos:**

- A) Non conter ferro nin magnesio.
- B) Ser branda.
- C) Non conter materia orgánica.
- D) Todas son correctas.

**10. Cales son as fases completas que se realizan nun ciclo global de lavado?**

- A) Lavado e aclarado.
- B) Prelavado e lavado.
- C) Lavado e secado.
- D) Prelavado, lavado, aclarado e centrifugado.

